

**Boas! Aquí achegamos as diferentes tarefas a levar a cabo polo alumnado na materia de Música.**

- **Infantil:**

- <https://www.musicaeduca.es/recursos-aula/juegos/3-musimpiadas> Nesta ligazón atoparemos exercicios de ditados, onde relacionarán as notas que saen cos debuxos que aparecen abaixo segundo vaian sonando. As imaxes aparecen representando as notas por orde, comezando polo Do e ata o La (representado polo lapis). É un xogo moi intuitivo e hai un apartado de regras en caso de haber dúbidas. Tamén achegarei o meu correo ó final deste documento para atender a calquera dúbida posible.
- Cantar cancións aprendidas no cole e escoitar outras novas a través de discos, internet, etc.

- **1º e 2º de Educación Primaria:**

Maribel Martínez y Givés Ciudad Real Actividades de música

**Une los instrumentos de la misma familia y coloréalos**



Autor: pictogramas: Sergio Palao • Procedencia: ARASAAC • Licencia: CC (BY-NC-SA)  
<http://orientacionandujar.wordpress.com/>

- Realización desta ficha onde relacionarán entre si os instrumentos de percusión, os de vento e os de corda. Posteriormente buscalos en Youtube e escoitalos: Violín, viola, trombón, trompa, tambor e triángulo.
- Agora imos ver que sons son longos e cales son curtos: <https://www.youtube.com/watch?v=EqvxevCwimg>
- Cantar pezas levadas a cabo en clase e outras que coñezades. Tamén podedes escoitar algún disco que teñades por casa.

- **3º e 4º de Educación Primaria:**

- Repasar as partituras de fruta levadas a cabo en clase.
  - <https://aprendomusica.com/const2/03atrapanotas/atrapanotas.html> traballar Preme no enlace e comeza o xogo. Primeiro faino en modo VISUAL e con TRES NOTAS (sol, mi, la). Despois si queres podes probar no modo auditivo. Tedes que ir clickando as notas do piano segundo vaian aparecendo no pentagrama. Se xa se fai fácil, subiremos o número de notas.
- **5º de Educación Primaria e 6º de Educación Primaria:**
    - Repaso das pezas levadas a cabo con fruta en clase, tocando as diferentes voces da partitura no caso de que as haxa.
    - Aquí vos achego algunha ligazón para poder escoitar as famosas holofonías que levamos a cabo en clase para a discriminación auditiva. Podedes ensinar os vídeos na casa ós vosos familiares. Lembraide que só funciona con auriculares ou cascos (non funciona o efecto cos alofalantes do móbil ou do ordenador). Concentrarédesvos de onde vén cada sonido sinalando co dedo:
      - 1) <https://www.youtube.com/watch?v=5ok-cLskKgg>
      - 2) <https://www.youtube.com/watch?v=eTBQ84e3juo>
      - 3) <https://www.youtube.com/watch?v=HCoj7GfxW1s>
      - 4) <https://www.youtube.com/watch?v=VoaUy0CiyCw>
      - 5) <https://www.youtube.com/watch?v=QLcokj4XqTo>

**BONUS EXTRA PARA TODOS OS CURSOS: BAILAR DIFERENTES COREOGRAFÍAS BUSCANDO “CANCIONES JUST DANCE” EN YOUTUBE.**

Lembraide que para calquera dúbida estarei á vosa disposición no correo [pablocedeira@yahoo.es](mailto:pablocedeira@yahoo.es).

**UN SAÚDO A TOD@S E MOITO ÁNIMO!!**